



CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES MUIMENTA '25

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓNS XERAIS

1.- O Concurso celebrarase o **Domingo, 6 de abril ás 11:00 horas** no Recinto Feiral Manuel Vila de Muimenta – Cospeito (Lugo).

2.- Antes do Concurso, terá lugar unha Demostración de Manexo para tódolos presentes e en especial para os participantes neste Concurso.

3.- Nel poderán participar a título individual, todos aqueles xóvenes de calquera procedencia e cuxa idade non exceda os 30 anos, inclusive.

4.- Dada a diferenza de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións segundo se indica no punto 5.

5.- SECCIÓNS:

Sección 1ª: Competirán xóvenes que teñan **entre 21 e 30 anos inclusive**.

Sección 2ª: Competirán xóvenes de **entre os 16 e 20 anos inclusive**.

Sección 3ª: Inclúe a xóvenes con idades **entre 10 e 15 anos inclusive**.

Sección 4ª: Nela participarán xóvenes **menores de 9 anos**.

Sección 5ª: CAMPIONATO: Competirán polos títulos de CAMPIÓN, SUBCAMPIÓN e MENCIÓN DE HONRA os tres primelros clasificados nas seccións 1, 2 e 3.

6.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis xóvenes poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.

7.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.

8.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o **30 de marzo de 2025**.

9.- Sendo o obxectivo do concurso, formar e estimular os xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal co que vaia concursar.

10.- Os máis xóvenes poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 9) polos seus pais, colaboradores do Clube ou outras persoas que se encontren no recinto.

11.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións de xatas ou xovencas do Concurso Autonómico.

CONDICIÓNS DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

12.- Obrigatoriamente, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.

13.- Comprobar que o animais que vaia exhibir esté perfectamente domado, limpo e en condicións para saír a pista.

14.- Estar atento ás instrucións que se den e presentarse puntualmente na pista, cando e cantas veces sexa requirido.

15.- Unha vez en pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rápidamente, de acordo ás mesmas.

16.- Manter en todo momento o animal baixo control, procurando non distraer nin molestar aos outros concursantes.

17.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ao animal que conduce (idade, país, etc).

18.- Recordar que unha sección non acabou ata que o xuíz o indique, polo tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.

19.- Aceptar e asumir deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respetuosa tanto co Xuíz coma cos compañeiros.

XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo do Xuíz Internacional responsable do concurso.

Serán misións deste xuíz:

20.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.

21.- Xulgar cada sección por separado.

22.- Dalas explicacións do por qué da colocación en cada unha das seccións xulgadas, procurando aconsellar os xóvenes como mellorar a súa técnica.

23.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estes deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude demostrada en pista, tanto hacia os seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).

24.- As decisións do xuíz serán inapelables, por tanto, a participación implica a aceptación das mesmas.

PREMIOS

25.- Outorgaranse escarapelas aos 3 primeiros clasificados das seccións 1, 2 e 3.

26.- Sección 4: xóvenes menores de 9 anos: concederanse escarapela e un obsequio a todos os participantes.

27.- No Campionato (sección 5), concederanse os seguintes premios:

Campión: 150€ e trofeo

Subcampión: 100€

Mención de Honra: 80€

4º clasificado: 60€

5º clasificado: 40€

6º clasificado: 20€

PROTECCIÓN DE DATOS

28.- Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018.

29.- Responsable do tratamento:

CLUBE XOVENES GANDEIROS DE GALICIA

CIF: G70149331

Enderezo: Rúa Melide, 25-27 Bajo, 15705 Santiago De Compostela (A Coruña) España

Teléfono: 981573879

Correo electrónico: clubexovenes@fefriga.com

30.- Finalidade e lexitimación do tratamento:

a) Xestión dos seus datos e/ou os do menor que nos facilite para xestionar a súa inscrición e participación no concurso e a entrega de premios do mesmo. Podemos tratar os seus datos porque existe unha relación contractual, de conformidade co Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil e demais lexislación aplicable.

b) Xestión contable. No caso de que resulte gañador do sorteo, poderemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

c) Xestión fiscal. No caso de que resulte gañador do concurso, poderemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

d) Promoción da actividade mediante a toma e publicación das súas imaxes ou as do menor a través da páxina web, catálogos, memorias e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos para este fin en caso de que nos teña dado o seu consentimento.

e) Promoción da actividade mediante a publicación das súas imaxes ou as do menor, realizadas polos medios de comunicación presentes no concurso, a través da páxina web, catálogos, memorias e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos para este fin en caso de que nos teña dado o seu consentimento.

f) Promoción da actividade mediante o envío de comunicacións de interese. Podemos levar a cabo o tratamento se nos dá o seu consentimento.

31.- Conservación dos datos:

Os seus datos conservaranse mentras se realice a actividade e durante o prazo de prescrición das accións legais que se poidan derivar acorde á normativa indicada ou, se é o caso, ata que retire o consentimento

32.- Destinatarios de datos:

a) Comunicaranse os datos do gañador á Administración Tributaria, para o cumprimento das obrigas legais.

b) Comunicaranse os datos do ganador á entidades bancarias para que realicen os pagamentos do concurso.

c) Os datos que sexan necesarios para o cobro/pago de indemnizacións ou para a atención, exercicio ou defensa de sinistros serán comunicados a compañías de seguros e reaseguros, corredurías de seguros e reaseguros, avogados, procuradores, Xulgados e Tribunais.

d) No caso de que nos teña outorgado o seu consentimento os seus datos (imaxe) e/ou as do menor ó seu cargo serán cedidos ó público en xeral mediante a publicación en páxina web, rrss, catálogos, memorias e/ou outros medios de comunicación.

e) Os seus datos poderanse comunicar ós nosos encargados de tratamento cando sexa necesario para a correcta prestación dos servizos contratados.

33.- Transferencias internacionais de datos:

No caso de que nos deas o teu consentimento, con motivo da toma e publicación das túas imaxes a través das redes sociais (Facebook e Instagram), pode producirse unha Transferencia Internacional dos teus datos a EE. UU. ou calquera outro país onde os teus subencargados manteñan operacións. Estas cesións realizaranse mediante cláusulas contractuais tipo e outras garantías alternativas. Podes obter máis información a través de: <https://es-es.facebook.com/privacy/explanation> y <https://es-la.facebook.com/help/instagram/155833707900388>.

34.- Dereitos do interesado:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber, cales son, para que se usan, cánto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e se se comunicaron ou se van comunicar a un terceiro.

- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.

- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ó olvido.

- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cesen no tratamento.

- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis alá da mera conservación dos mesmos.

- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitilos a outro responsable, sempre que sexa técnicaamente posible.

- Dereito a retirar o consentimento: se a base legal para o tratamento dos teus datos é o teu consentimento, tes dereito a retiralo en calquera momento. De facelo, non se verá afectado ningún tratamento de datos que se puidesen realizar con anterioridade.

35.- Exercicio dos dereitos: O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito dirixíndose a Rúa Melide, 25-27 Bajo, 15705, Santiago De Compostela (A Coruña) ou a través do correo electrónico clubexovenes@fefriga.com. Así mesmo, poñemos a súa disposición modelos para os seu exercicio, que poden obterse no enderezo postal ou a través do correo electrónico indicado anteriormente. Para máis información: www.aepd.es

36.- Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control: No caso de que no se teñan respetado os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>. En ambos casos, deberá achegar a documentación pertinente.

DISPOSICIÓN FINAIS

37.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente reglamento.

38.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do reglamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.